

Guía para a organización dos actos de graduación na Universidade da Coruña

Os actos de graduación son actos académicos tradicionalmente organizados por cada centro, con maior ou menor implicación do estudiantado. Son, polo tanto, os centros os responsables da organización e dispoñen de liberdade para dotalos de contido, de conformidade cos usos universitarios.

A presenza da reitora ou do reitor nun acto de graduación, ou dunha persoa do Equipo de Goberno, de ser o caso, supón que no acto deberán respectarse certas regras de protocolo, que se expoñen a continuación.

1. Comunicación

Cando se desexe a presenza da reitora ou do reitor nun acto de graduación deberá comunicarse a protocolo@udc.gal desde a secretaría de dirección do centro.

Co obxectivo de organizar a axenda institucional, a comunicación deberá realizarse ao longo do mes de febreiro, para as graduacións que se realicen nos meses de maio a xullo, ou con tres meses de antelación nos restantes casos.

2. Modalidades de actos de graduación

Os actos de graduación poden realizarse con mesa presidencial ou con presentación desde un atril. A continuación sinálanse as características de cada modalidade, coa finalidade de que os centros escollan a que consideren máis acaída.

Acto de graduación con mesa presidencial

A mesa presidencial acollerá un máximo de cinco (5) persoas e a súa composición debe ser paritaria.

A reitora ou o reitor, ou de ser o caso a persoa do Equipo de Goberno en quen delegue, presidirá o acto. Logo dunha breve benvinda ás persoas asistentes, dará a palabra á decana ou ao decano, ou á directora ou ao director do centro, quen concederá o resto de quendas de intervención, ata devolver a palabra á reitora ou ao reitor para que peche o acto.

A posición das autoridades na mesa presidencial será a seguinte, vista a mesa desde a perspectiva do público:

- Se a mesa presidencial é impar, a reitora ou o reitor ocupará o lugar central e a decana ou o decano, ou a directora ou o director do centro, situarase á dereita da reitora ou do reitor.
- Se a mesa presidencial é par, a reitora ou o reitor ocupará o lugar central da dereita e a decana ou o decano, ou a directora ou o director do centro, situarase no lugar central da esquerda.

O resto de persoas integrantes da mesa colocaranse segundo a orde de precedencia ou o seu grao de implicación no acto. A madriña ou o padriño da promoción formará parte da mesa presidencial.

As demais autoridades convidadas ocuparán asentos reservados nas primeiras filas do auditorio e poderán subir ao estrado para a entrega de diplomas ao alumnado, de ser o caso.

As persoas representantes de institucións alleas á Universidade (colexios profesionais, outras entidades, etc.) poderán ocupar un lugar na mesa presidencial sempre que se respecten as regras de paridade.

Acto de graduación con presentación desde un atril

Unha persoa designada polo equipo de dirección, distinta da decana ou do decano ou da directora ou do director, exercerá as funcións de mestra ou mestre de cerimonias desde o atril.

A mestra ou o mestre de cerimonias abrirá o acto e dará paso ás distintas intervencións, que se realizarán desde o atril.

As autoridades e as persoas representantes de institucións alleas á Universidade ocuparán asentos reservados nas primeiras filas do auditorio.

3. Desenvolvemento da cerimonia

Ao inicio do acto, todas as persoas asistentes poranse en pé para escoitar o himno universitario *Gaudeamus Igitur*.

A dirección do centro coordinará o desenvolvemento do acto, seguindo os usos universitarios establecidos para a entrega de diplomas e a imposición de bandas e/ou insignias.

En todo caso, intervirán a persoa ou persoas representantes do estudiantado, a madriña ou o padriño da promoción, a decana ou o decano, ou a directora ou o director do centro, e a reitora ou o reitor.

Ao remate do acto, todas as persoas asistentes poranse en pé para escoitar o Himno Galego na súa versión longa.

O uso do traxe académico por parte das persoas doutoras asistentes ao acto será decisión da organización do centro. De se empregar, as persoas doutoras ocuparán lugares reservados nas primeiras filas do auditorio.

O uso do traxe académico por parte das persoas que estean na mesa presidencial será decidido pola súa presidencia.